

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS (BUEU)  
CURSO: 4ºESO  
MATERIA: Historia Contemporánea  
DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia  
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789</b>	
B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.	XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. CSC, CAA, CCL XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. CSC, CAA, CCL
B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. CSC, CCEC, CCL
<b>Bloque 2. A era das revolucións liberais</b>	
B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. CSC, CAA, CCL
B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.	XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. CSC, CAA, CCL XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. CSC, CAA, CCL
<b>Bloque 3. A Revolución Industrial</b>	
B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.	XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. CSC, CAA, CCL
<b>Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial</b>	
B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. CSC, CAA, CCL
B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.	XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. CSC, CAA
B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.	XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. CSC, CAA
B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa	XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade

	CSC, CAA, CCL
B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.	XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. CSC, CAA, CCL, CCEC
<b>Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)</b>	
B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. CSC, CAA, CCL XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. CSC, CAA, CCL
B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa	XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. CSC, CCL
B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. CSC, CCL XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. CSC, CAA, CCL
<b>Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)</b>	
B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. CSC, CAA XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. CSC, CAA, CCL
B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias	XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial CSC
B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. CSC, CAA, CCL
<b>Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético</b>	
B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.	XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco. CSC
<b>Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI</b>	
B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.	XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro
<b>Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a fins do séc. XX e principio do XXI</b>	
B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.	XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. CSC, CAA, CCL, CD

<b>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</b>	
B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. CSC, CAA
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. CSC, CMCCT XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. CSC, CMCCT
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. CSC, CMCCT
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. CSC, CCL

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> Para a valoración da progresión académica do alumnado teranse en conta probas de diversa tipoloxía –escritas e/ou en formato audiovisual-, diferenciando entre as probas de contidos e as de carácter competencial, que se complementarán cunha serie de rexistros escritos, orais e/ou telemáticos que permitan a avaliación individualizada da dinámica de aprendizaxe do alumnado.
	<b>Instrumentos:</b>  ✎ <b>Probas de contidos:</b> Atendendo á dimensión histórica da materia, pretendemos que o alumnado asimile os datos e feitos históricos básicos e os coñecementos nucleares propios de cada curso, que se avaliarán mediante <b>probas escritas -ou a través de medios telemáticos</b> , como cuestionarios en liña, a través de <i>Google Forms</i> , <i>Kahoots</i> ou outras ferramentas dixitais- de resposta curta e/ou tipo test, de resposta simple ou múltiple. Os contidos das probas serán seleccionados a partir dos <b>criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles</b> , indicados no presente documento. Poderá establecerse <b>ata un máximo de tres probas</b> de contidos, que sumarán <b>ata 3 puntos</b> . O alumno ou alumna deberá acadar <b>na 1ª e na 2ª avaliación unha cualificación mínima</b> de 1,05 puntos (o 35% da nota total das probas de contidos) para facer media en sendas avaliacións coa proba global competencial. Non obstante, este requisito non se terá en conta para a obtención da nota da terceira avaliación, na cal non se establecerá unha cualificación mínima na nota de contidos do alumnado.  ✎ <b>Probas competenciais:</b> Atendendo á dimensión formativa e ética da materia, consideramos fundamental a aprendizaxe de pautas para a lectura e interpretación de fontes históricas, artísticas e xeográficas, así como a formación dun pensamento crítico propio, que avaliaremos mediante probas competenciais, baseadas na adquisición dos coñecementos nucleares, as destrezas instrumentais básicas do ámbito e da materia, e as competencias clave. Esta proba poderá ser <b>escrita, oral ou en forma de proxecto</b> -cuxo resultado poderá materializarse en formato audiovisual e/ou poderá combinar diversos rexistros orais, escritos, telemáticos...-. A proba competencial de cada avaliación terá un <b>carácter global</b> , co que, poderá incluír <b>contidos e destrezas impartidos dende o comezo do curso</b> ata o momento de realización da mesma. Teranse en conta na súa elaboración os <b>mínimos exixibles</b> , seleccionados a partir dos <b>criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles</b> , indicados no presente

documento; así como os coñecementos nucleares e destrezas instrumentais e competenciais das materias, que figuran na programación. Establecerase **unha proba competencial en cada trimestre**, que sumará **ata 4 puntos**. O alumno ou alumna deberá acadar **na 1ª e na 2ª avaliación** unha puntuación mínima de **1,4 puntos (35% da nota total da proba competencial)** para facer media nas avaliacións coas probas de contidos. Non obstante, este requisito non se terá en conta para a obtención da nota da terceira avaliación, na cal non se establecerá unha cualificación mínima na nota competencial do alumnado. Na cualificación das probas competenciais teranse en conta os descritores dos niveis de logro para cada destreza seleccionada, a partir das **rúbricas das competencias clave elaboradas polo departamento**, reservándose para a puntuación da expresión escrita do alumnado, unha porcentaxe nunca superior ao 20% da nota de cada actividade.

✂ **Dinámica de aprendizaxe do alumnado:** Ao tratarse dunha avaliación continua, **valorarase de forma individualizada** o traballo diario do alumnado en todas as avaliacións, tendo en conta na súa cualificación trimestral a **progresión observada e rexistrada dende o comezo do curso**. A dinámica de aprendizaxe do alumnado sumará **ata 3 puntos**. Puntuaranse unha serie de **actividades seleccionadas a realizar tanto na clase como aquelas propostas para a súa realización na casa** -incluíndo estas calquera tipo de procedemento citado anteriormente: oral, escrito, telemático, audiovisual...-, cun **mínimo de catro revisións por avaliación**. O alumnado coñecerá -previamente á súa realización- a selección de actividades cualificables en cada avaliación. Durante as avaliacións poderase propoñer o desenvolvemento dun ou varios proxectos de investigación, recompilación ou interpretación, individual e/ou colaborativo. Cando estes proxectos se desenvolvan en grupo, será obxecto de avaliación, entre outros requisitos, o **desempeño cooperativo** do alumnado (ver modelo de rúbrica na páx. 98 da programación). Dentro das actividades a desenvolver por parte do alumnado, o profesor ou profesora da materia poderá propoñer a **lectura dun ou varios libros**, que será/n puntuado/s mediante a realización dunha proba específica -escrita, oral ou coa presentación dun proxecto- baseada na comprensión lectora do mesmo. Ligado a esta valoración da dinámica de traballo diaria do alumnado, poderase levar a cabo a revisión do seu **caderno e/ou portfolio** -que poderá ser dixital, mediante a creación dunha carpeta en Google Drive ou mediante a plataforma de Google Classroom-, co fin de comprobar o seguimento dos contidos, a súa corrección, a inclusión de anotacións significativas sobre información relevante aportada polo/a profesor/a, cuestións relacionadas con métodos e técnicas de estudo do alumno ou alumna; así como para detectar posibles dificultades que estean a interferir no seu proceso de aprendizaxe. Isto será especialmente relevante na

	<p><b>terceira avaliación</b>, na cal o profesorado da materia poderá <b>valorar a entrega e/ou revisión de actividades desenvolvidas nas avaliacións anteriores</b>, para aquel alumnado con algunha entrega pendente, con algunha avaliación suspensa, con reforzo ou ACI, ou para a mellora da cualificación final na materia. A puntuación do traballo diario leva implícito a <b>valoración da participación activa do alumnado na aula</b> cando as actividades ou postas en común así o requiran, así como o <b>cumprimento coas datas propostas para a entrega das tarefas</b>. Na terceira avaliación, valorarase positivamente, ademais, a <b>asistencia do alumnado ás clases telemáticas</b> marcadas polo profesorado da materia, que deberá levar un rexistro semanal da mesma.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <p>Ao tratarse dunha avaliación continua, a <b>cualificación final</b> resultará da media das tres avaliacións parciais, matizando a ponderación en cada unha, debido á excepcionalidade da terceira avaliación no presente curso. No canto dunha distribución crecente do peso das ponderacións ao longo do curso, o sistema de cualificación establecerase nunha progresión de <b>35%</b> na 1ª avaliación, <b>40%</b> na segunda e <b>25%</b> na terceira avaliación.</p> <p>Ao longo do curso realizaranse, polo tanto, <b>tres sesións de avaliacións</b> nas que se recollerán as cualificacións dos alumnos e alumnas tendo en conta as seguintes premisas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>👉 A avaliación de cada alumno ou alumna terá en conta as súas <b>características individuais</b> e valorará os progresos a partir do seu <b>nivel inicial</b> e de acordo coas súas posibilidades, circunstancias e esforzo persoal.</li> <li>👉 O alumnado <b>será informado</b> dos criterios de avaliación e cualificación da materia aplicados polo profesorado.</li> <li>👉 Para aprobar a materia na avaliación final será necesario acadar ou superar a <b>cualificación mínima (5 puntos)</b>. Non se redondearán as cualificacións suspensas para acadar o aprobado.</li> </ul>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado que non supere a avaliación final do curso académico en xuño, terá a posibilidade de recuperar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro. A <b>proba extraordinaria</b> dará prioridade aos <b>criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles</b>, indicados no presente documento. Poderá incluír <b>cuestionarios</b> sobre os contidos mínimos exixibles aquí sinalados, en forma de preguntas de resposta curta e/ou tipo test, de resposta simple ou múltiple (que sumarán ata 3 puntos); e</p>



	<p><b>actividades de carácter competencial</b> -ejercicios de descripción e/ou análise de documentos históricos, artísticos ou xeográficos de diversa tipoloxía, a elaboración dun comentario de historia, de ordenación no tempo ou no espazo...- (que sumarán ata 4 puntos). Esta <b>proba global</b> computará <b>ata 7 puntos</b>. Asemade, o alumnado poderá sumar <b>ata 3 puntos</b> coa elaboración de <b>tarefas e/ou proxectos de reforzo, consolidación ou ampliación</b>, dispostos polo profesorado da materia.</p> <p>Atendendo á flexibilización da cualificación da materia, de acordo á situación de excepcionalidade vivida durante o terceiro trimestre, aquel <b>alumnado</b> que teña <b>aprobada a terceira avaliación</b>, non terá que examinarse na proba de setembro dos contidos impartidos na mesma.</p> <p>Asemade, aquel alumnado que durante a <b>terceira avaliación</b> teña <b>superada a proba de contidos global</b> e, <b>entregase e superase os cuestionarios de recuperación/reforzo sobre os contidos da primeira e segunda avaliación</b>, terá superada esta parte da proba extraordinaria de setembro. Entenderase que, neste caso, o alumnado que teña superada a parte dos contidos mínimos na proba de setembro (3 puntos), deberá examinarse unicamente da parte competencial da proba (4 puntos), e poderá sumar ata 3 puntos coa entrega das actividades determinadas pola profesora da materia -que serán de carácter competencial- de cara á preparación e adestramento das destrezas da proba.</p>
<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<p><b>Criterios de avaliación:</b></p> <p>O alumnado coa <b>materia pendiente de Xeografía e Historia de 3º da ESO -ou de cursos anteriores-</b> contará cunha <b>planificación</b> que especifique as tarefas a entregar durante o curso académico e as datas de entrega correspondentes. Asemade, facilitaráselle os <b>apuntes e materiais necesarios</b> para o estudo e realización de ditas actividades a través da plataforma de Google: <b>Classroom</b>, que permanecerá aberta durante o curso académico para que o alumnado poida visualizar e/ou descargar os materiais, así como para consulta de dúbidas ao profesorado. A avaliación da materia pendiente realizarase seguindo os <b>criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles</b>, indicados no presente documento, así como as <b>destrezas detalladas</b> no capítulo sobre as materias pendentes e reforzos (a partir da páxina 178 da programación didáctica do departamento).</p> <p><b>Criterios de cualificación:</b></p> <p>O alumnado coa materia pendiente de Xeografía e Historia -de 3º da ESO ou de cursos anteriores- deberá elaborar unha serie de <b>actividades de carácter</b></p>

**competencial**, destinadas a reforzar e/ou a progresar nas destrezas instrumentais e nos coñecementos nucleares das materias do departamento e na competencia histórica. O seguimento deste traballo levarase a cabo pola xefa do departamento e o alumnado deberá entregar dito traballo axustándose ás datas propostas, tanto para o seu seguimento como para a entrega final do mesmo. O alumnado deberá, ademais, superar unha **proba escrita, de carácter global**, fixada para o mes de **xaneiro**. O alumnado que non supere a materia en **xaneiro**, poderá presentarse á **convocatoria ordinaria** establecida no mes de **maio** e, de darse o caso, á convocatoria **extraordinaria** do mes de **setembro**.

#### **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

As **actividades de carácter competencial**, porán en práctica destrezas tales como: a **definición de conceptos clave** da materia, a **redacción de textos breves** a partir de ideas traballadas nos temas que lle corresponden en cada curso, o **comentario de fontes** históricas e/ou xeográficas... Estas actividades sumarán **ata 3 puntos**, e complementaranse cunha **proba escrita global** que sumará **ata 7 puntos**. Esta proba dará prioridade aos **criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe imprescindibles**, indicados no presente documento. Poderá incluír **cuestionarios** sobre os contidos mínimos exixibles aquí sinalados, en forma de preguntas de resposta curta e/ou tipo test, de resposta simple ou múltiple; e/ou **actividades de carácter competencial** -exercicios de descrición e/ou análise de documentos históricos, artísticos ou xeográficos de diversa tipoloxía, a elaboración dun comentario de historia, de ordenación no tempo ou no espazo...-.

Cando se estime oportuno, en base a criterios pedagóxicos e tras valorar as características específicas do alumno ou alumna, a xefa do departamento poderá determinar para a superación da materia, en vez dunha proba escrita, a entrega dun **proxecto** no que se apliquen ou poñan en práctica os coñecementos nucleares e destrezas instrumentais da materia, por considerar que este método de traballo se axuste mellor ás cualidades do alumno ou alumna, así como ás súas necesidades de reforzo, de adestramento en determinadas destrezas, etc. Neste caso, o proxecto asumirá a mesma puntuación asignada para a proba escrita.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

Durante o terceiro trimestre planificáronse tarefas de repaso, recuperación, reforzo dos contidos esenciais da primeira e segunda avaliación, así como de ampliación, sobre unha selección de contidos mínimos correspondentes ao terceiro trimestre do curso.

#### > Tarefas de recuperación e/ou reforzo

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (1º Trimestre).** Cuestionario

1. O século XVIII: a era das revolucións.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (1º Trimestre).** Cuestionario

2. España no séc. XVIII: O Despotismo Ilustrado.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (1º Trimestre).** Cuestionario

3. A revolución industrial.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (1º Trimestre).** Cuestionario

4. O século XIX: a batalla final entre a Restauración e o Absolutismo.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (2º Trimestre).** Cuestionario

5. España no séc. XIX: Guerra de Independencia, Restauración e Desastre.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (2º Trimestre).** Cuestionario

6. Imperialismo e 2ª Revolución Industrial.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (2º Trimestre).** Cuestionario

7. Arte do século XIX.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (2º Trimestre).** Cuestionario

8. A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa.

✎ **Actividade de recuperación e/ou reforzo (2º Trimestre).** Cuestionario

9. O mundo no período de entreguerras.

#### > Tarefas de ampliación.

✎ **Actividade de ampliación (3º Trimestre).** Cuestionario 10. A arte do século XX: vangardas.

✎ **Actividade de ampliación (3º Trimestre).** Cuestionario 11. A Segunda Guerra Mundial.

✎ **Actividade de ampliación (3º Trimestre).** Cuestionario 12. España no séc. XX.

Dende o Departamento de Xeografía e Historia, conxuntamente co Departamento de Tecnoloxía, planificouse un proxecto globalizador e interdisciplinar, titorizado polos docentes da materia de Historia Contemporánea de 4º de ESO e da materia optativa de TIC, promovendo así o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias neste último curso do ensino secundario obrigatorio.

	<p>Neste proxecto abordáronse contidos da materia correspondentes ao século XXI, mediante a elaboración dun podcast, para afondar nas aprendizaxes e competencias imprescindibles en ambas materias: busca e selección de información, expresión escrita e oral, planificación, razoamentos críticos, edición de audio, gravación de voz e inclusión de efectos sonoros libres de dereitos de autor, manexo de hemerotecas históricas dixitais e de ferramentas dixitais de edición de audio, etc.</p> <p>Os cuestionarios realizados sobre as aprendizaxes esenciais na materia, así como os contidos sobre o séc. XXI sobre os cales versaron os traballos realizados polo alumnado serán obxecto da proba global de contidos, e o mencionado proxecto interdisciplinar constará como proba competencial.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>O alumnado que cursa a materia de Historia Contemporánea de 4º da ESO dispón no <b>100% de conectividade</b>; ao solventarse as dificultades técnicas e de conexión por parte do centro educativo.</p> <p>Durante o terceiro trimestre alternáronse, fundamentalmente, as <b>clases maxistrals</b>, con <b>pequenas postas en común</b> -a través da interacción telemática- e a <b>elaboración individual de tarefas breves</b> por parte do alumnado.</p> <p>☁️ A profesora da materia estableceu durante a terceira avaliación <b>dúas sesións de clases telemáticas</b>, de ata 30 minutos de duración, que se complementaron con <b>unha sesión de traballo individual</b> por parte do alumnado -que desenvolveu unha actividade semanal- e <b>unha sesión de resolución de dúbidas</b>.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>☁️ A <b>teledocencia</b> levouse a cabo a través das plataformas: eMeeting, Cisco Webex e a aplicación Meet -en forma de videochamada-.</p> <p>☁️ A <b>entrega de tarefas e consulta de dúbidas</b> realizouse, de xeito preferente, mediante a ferramenta dixital propia da GSuite de Google: Classroom, e de xeito complementario, a través do correo electrónico @iesillaons.</p> <p>☁️ O alumnado contou cos <b>apuntamentos</b> do tema, así como con <b>materiais gráficos e audiovisuais complementarios</b>, a través da plataforma xa citada: Classroom.</p> <p>☁️ A profesora da materia empregou como <b>material de apoio nas sesións de explicación</b>: o iBook interactivo, os apuntamentos do tema en formato pdf e diversos recursos en liña. Isto foi posible grazas á posibilidade de compartir a pantalla que ofrecen as ferramentas en liña e plataformas mencionadas.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>✉ Información ás familias -a través das contas de correo rexistradas na base de datos do Xade- das medidas establecidas con carácter xeral para facilitar a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar mediante o <b>correo electrónico corporativo do centro @iesillaons</b> e, nalgúns casos concretos, mediante <b>mensaxe telefónica a través do sistema Abalar</b>.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Remitíuselle a cada unha das familias un documento adxunto no cal se lles informou sobre as tarefas propostas polo profesorado para cada grupo-aula. Neste documento achegáronse as actividades, plataformas a usar e outras cuestións académicas a ter en conta por parte do alumnado. Tamén se dispuxo do horario correspondente, xa que na medida do posible, aconsellouse que o alumnado mantivera as mesmas sesións lectivas das materias.</li><li>- Proporcionóuselles unha ligazón á nube de GDrive do IES Illa de Ons coas instrucións máis detalladas das propostas de tarefas das distintas materias, así como distintos recursos audiovisuais.</li></ul> <p>✉ Información ao alumnado de ditas medidas a adoptar -horarios, materiais, metodoloxías, uso de plataformas dixitais...- mediante a aula virtual da materia creada na plataforma de <b>Google Classroom</b>.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Remitíuselle, tamén, consellos sobre a dinámica de traballo, insistindo no equilibrio entre a responsabilidade de elaboración das tarefas e a autoxestión dos tempos.</li></ul> <p>✉ Información ás familias e ao alumnado sobre incidencias, rexistros de actividade e de conexión semanal, a través do <b>envío de correo(s) electrónico(s) da profesora da materia ao alumno ou alumna</b>, e mediante a <b>chamada telefónica ás familias</b> por parte do titor/a, o Xefe de Estudos e/ou a profesora da materia.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>📄 Publicación obrigatoria na <b>páxina web do centro</b>.</p> <p>📄 Publicación na aula virtual da materia, dentro da plataforma: <b>Google Classroom</b>.</p>